

Actividades programadas no Centro Social de Boiro

CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE

O Concello de Boiro en colaboración ca fundación FESAN organiza un curso de monitor de tempo libre.

O Curso constará dunha parte teórica de 200h e unha parte práctica de 150 horas, a parte teórica comezará o último fin de semana de Marzo e prolongarase ata Xullo, impartíndose en xornada intensiva os sábados de 10 a 14h e de 16 a 20h no Centro Social de Boiro, en canto á parte práctica se realizará unha vez rematada a teórica no Concello de Boiro, en empresas de ocio e tempo libre do Concello de Boiro e entidades proposta pola Fundación Fesan en Santiago de Compostela. Haberá flexibilidade para realizalas en outras entidades, o prazo máximo para realizar as 150h son 2 anos.

Para inscribirse OMIX do Concello(Centro Social
981842635-centrosocial@boiro.org)

CURSO DE INICIACION AO ITALIANO

O 16 de marzo comeza un novo curso de iniciación ao italiano.

Horario: Martes e Xoves de 18.30 a 20.00 h

Lugar: Centro Social de Boiro

Prezo:

De Balde

Inscripcións: OMIX Boiro(Centro Social 981842635-centrosocial@boiro.org)

ROTEIROS PARA A XUVENTUDE e XUVENTUR 2010

Xa está aberto o prazo de inscricións para as fins de semana de ocio activo para xóvenes de 18 a 30 anos(Roteiros de Xuventude) e xóvenes ata 35 anos(Xuventur 2010).

XUVENTUDE GALIZANET

Xa está aberto o prazo de inscricións en xuventude galizanet que 2010 terá lugar os días 26, 27 e 28 de marzo, no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela.
mais información

EXPOSICION BANDA DESEÑADA

Ata o 15 de Marzo pódese visitar no Centro Social(Sala de Exposicións) 72 cadros de 16 autores de Banda deseñada,. A Colección que está composta por dúas series de Banda deseñada: VIÑETAS DESCUBERTAS e MIÑA TERRA GALEGA

inclúense obras de artistas galegos de banda deseñada que participaron na Feira Internacional do Cómic de Barcelona. Esta exposición é cedida pola Consellería de cultura e Turismo da Xunta de Galicia. O horario de visita é luns a venres de 10-14 e 16-20 e Sábados de 10-14h.

Tod@s os que se acerquen a visitala poderán descubrir a nova colección de banda deseñada que acaba de ser incorporada aos fondos das bibliotecas públicas do Concello de Libre acceso.

CICLO DE MONÓLOGOS NOVOS CÓMICOS

Por mor do temporal que amenza Galicia, tívose que aprazar a segunda e última sesión do ciclo de monólogos Novos Cómicos, que se realizará este Sábado 6 de Marzo as 21.00h na Estación Leñaverde.

MEMORIA DE MULLER

Con motivo do día internacional da Muller, o Domingo 8 de Marzo, poderase visionar no Salón de Actos do Centro Social o vídeo realizado por alumnos de educación de adultos do Concello de Boiro en colaboración ca rede de dinamización. A filmación proxectarase ás 19.00h e a continuación haberá animación musical.